



Guía para xestionar os produtos e servizos CaixaBank na tramitación dunha herdanza

A tramitación dunha herdanza prodúcese nun momento moi delicado. A nosa misión é facilitarche os trámites ao máximo.

Este documento é simplemente informativo e non ten validez

Información básica



Para que serve esta guía?

Esta guía detalla paso a paso o proceso de tramitación dos produtos e servizos CaixaBank da persoa falecida. É unha axuda para identificar a documentación que debes achegar durante a tramitación para recibir os produtos e servizos que tiña.

Na última páxina deste documento atoparás un glosario de termos que te pode axudar na comprensión dalgún dos termos utilizados.

Que produtos e servizos podía ter a persoa falecida?

A persoa falecida podía contar con:



Produtos bancarios e servizos de investimento (contas, tarxetas, préstamos, valores, fondos de investimento...)



Seguros de aforro



Seguros de vida risco



Plans de pensións, EPSV e PPA

A continuación indicaremosche que documentos tes que achegar ou solicitar para cada un dos pasos, sexa cal for o produto ou servizo que necesites tramitar.


Onde debo iniciar a tramitación?

Nunha oficina de CaixaBank. Os clientes inTouch de CaixaBank poden facelo tamén por NOW.

Que pasos teño que seguir?

En función dos produtos e servizos CaixaBank que queiras recibir, debes seguir estes pasos:







Paso 1. Comunicar a defunción

Para comunicar a defunción debes facer chegar a unha oficina de CaixaBank o certificado de defunción emitido polo Rexistro Civil. Os clientes de CaixaBank poden facelo tamén por **NOW**.

Que é o certificado de defunción?

É o documento que acredita o falecemento dunha persoa.

Que pasará a continuación?



Coas contas e depósitos

Se a persoa falecida era titular único das contas, bloquearase a totalidade do saldo que existía na data de defunción. Se compartía a titularidade con outras persoas, bloquearase a parte proporcional segundo o número de titulares.



Coas tarxetas

Daranse de baixa os contratos de tarxetas en que consta como titular, así como as tarxetas que dependan dese contrato. Tamén se darán de baixa as tarxetas en que a persoa falecida era beneficiaria.



Coa banca dixital

Se tiña contratado o servizo de banca dixital (CaixaBankNow), o seu acceso darase de baixa.



Cos recibos domiciliados

Seguirán atendéndose os recibos domiciliados de subministracións básicas (tales como luz, gas, auga), así como aqueles correspondentes ao cumprimento das obrigas asumidas pola persoa falecida con CaixaBank ou calquera sociedade do seu grupo (por exemplo, cotas de préstamos, tarxetas...). Se había recibos domiciliados na conta, estamos á túa disposición para resolver as túas dúbidas sobre esta materia conforme a criterios de boa práctica bancaria.



Coas autorizacións/poderes

Quedarán anuladas todas as autorizacións, apoderamentos e representación legal que existisen nas contas en que era titular.



Coas transferencias periódicas

As transferencias e traspasos periódicos ordenados pola persoa falecida seguirán vixentes e as persoas herdeiras poderán suspendelos.



Cos produtos de investimento (valores e fondos)

Os produtos de investimento (valores e fondos de investimento) quedarán bloqueados, de maneira que, a partir da recepción por parte de CaixaBank do certificado de defunción (ou carta indicativa da data con compromiso de achega do devandito certificado), non se poderán realizar compras, vendas, subscricións nin reembolsos. Os contratos de xestión de carteiras cancelaranse e os activos da carteira xestionada quedarán tamén bloqueados como o resto de valores e fondos de investimento da persoa falecida.



Cos produtos de seguros e plans de pensións, EPSV e PPA

Para produtos de plans de pensións, EPSV e PPA e seguros, non se admitirán novas primas ou achegas e unicamente se pagará a prestación por falecemento.



Seguro de Vida

E se tiña un seguro de vida risco?

Se a persoa tiña un seguro de vida risco, tamén deberás achegar a documentación que especifique a causa do falecemento segundo corresponda:



En caso de enfermidade, historial clínico ou informe médico que acredite as causas de defunción, antecedentes patolóxicos, data de diagnóstico e evolución.



En caso de accidente, copia íntegra das dilixencias xudiciais, se existen, onde se inclúa atestado policial, autopsia e informe toxicolóxico.

Como saber se a persoa falecida tiña un produto de seguros?

Na páxina <https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-contratos-seguro> pódese obter o certificado de contratos de seguros con cobertura de falecemento, en que se detallan as pólizas que tiña contratadas e as aseguradoras que prestaban o servizo.

Que ocorrerá coa pensión?

A pensión do mes en que ocorre o falecemento corresponde ao pensionista, e polo tanto, as persoas herdeiras poderán dispor dela unha vez tramitada a testamentaría. Se o organismo pagador aboa pensións tras a defunción por erro, quedarán bloqueadas para devolvelas.

Como podo pagar os gastos de enterro?

Pódese solicitar o pagamento dos gastos de enterro contra os saldos da persoa falecida. Cómpre presentar a factura orixinal da funeraria para poder realizar o pagamento, que se fará mediante cheque nominativo ou transferencia.



Paso 2. Acredítate como persoa herdeira ou beneficiaria



Debes acreditar que es a persoa herdeira. Se ademais a persoa falecida era titular dun produto de seguros e/ou plans de pensións, EPSV e PPA deberás acreditar que es a persoa beneficiaria. Ver a diferenza entre persoa herdeira e persoa beneficiaria no glosario de termos.

Como?

Deberás entregar a seguinte documentación:

Certificado de actos de última vontade

Que é?

É o documento que emite o Ministerio de Xustiza en que constan os testamentos feitos por unha persoa, e é válido o último outorgado. Se a persoa falecida non tiña testamento, este certificado tamén o indica.

Como se obtén?

Podes solicitalo a través da seguinte ligazón: <https://sede.mjusticia.gob.es/es/tramites/certificado-actos-ultima>



Neste certificado lese se outorgou ou non testamento:

1. SI, OUTORGOU TESTAMENTO

Se **outorgou testamento**, deberás presentar unha copia autorizada do testamento.

Que é?

É unha copia do testamento expedida coa sinatura do notario.

Como se obtén?

Deberás acudir á notaría que archive o testamento, ou a outra que tramite a solicitude e presentarles o certificado de actos de última vontade e o certificado de defunción.



Podes facelo a través de www.caixabank.es/testamentaria, mediante un correo electrónico ao enderezo gestiontestamentarias@caixabank.com ou entregándoa na oficina.

Paso 2. Documentación requirida

Exemplo de certificado de actos de última vontade

MINISTERIO DE JUSTICIA		DIRECCIÓN GENERAL DE SEGURIDAD JURÍDICA Y FE PÚBLICA		NOTARÍA GENERAL DE ESPAÑA (Ley 1/1980)	
DIRECCIÓN GENERAL DE NOTARÍA Y DE LOS REGISTRADORES		DIRECCIÓN GENERAL DE NOTARÍA Y DE LOS REGISTRADORES		DIRECCIÓN GENERAL DE NOTARÍA Y DE LOS REGISTRADORES	
Número Identificador:	Origen: SI CIDADANOS		Página: 1 de 1		
Este certificado consta de varios ejemplares con los que se acreditan, en su caso, la existencia y vigencia de los testamentos otorgados por el causante.					
Primer apellido del causante		Segundo apellido del causante		Nombre	
Fecha de nacimiento		Lugar de nacimiento		Provincia o Estado	
Tipo de documento		Nº de documento		Fecha de defunción	
D.N.I.		D.N.I.		Sexo	
Estado civil		Apellido y nombre del cónyuge		Sexo	
Consultada la base de datos del Registro por el funcionario correspondiente, resulta que la persona arriba expresada OTORGÓ TESTAMENTO .					
DADO EN LA CIUDAD DE [] a [] de [] de []					
FIRMA DEL NOTARIO []					
Fin de la certificación.					

Exemplo de testamento

18/2023

NUMERO []

TESTAMENTO ABIERTO

En [] mi residencia, a [] de [] de []

Ante mí, [] Notario del []

COMPARECE

[] nacido el día [] de [] y vecino de [] número [] provisto de D.N.I. n.º []

Identifico a la compareciente, por su D.N.I. que me exhibe, quien manifiesta su voluntad de otorgar testamento abierto, y teniendo a mi juicio la capacidad legal necesaria para este acto.

DECLARA

I.- Que es natural de [] e hija de los conyugados []

II.- Que está casada en primeras y únicas nupcias con [] de cuyo matrimonio, tuvieron un hijo llamado []

III.- Que tiene vecindad civil [] por residencia.

IV.- Y que ordena este testamento, de la manera que yo, el No-



2. NON OUTORGOU TESTAMENTO

Se non outorgou testamento, deberás presentar a acta de declaración de herdeiros ab intestato.

Que é?


A acta de declaración de herdeiros ab intestato é o documento público que permite determinar, de conformidade coa lexislación civil aplicable a cada caso, quen son os herdeiros e herdeiras dunha persoa falecida que non outorgou testamento e en que proporción o son.

Como se obtén?

A persoa deberá pedir cita na notaría correspondente á última residencia ou domicilio habitual da persoa falecida para tramitar a acta de declaración de herdeiros ab intestato.

Paso 2. Documentación requirida

Exemplo de certificado de actos de última vontade

 MINISTERIO DE JUSTICIA		DIRECCIÓN GENERAL DE SEGURIDAD JURÍDICA Y FE PÚBLICA SUBDIRECCIÓN GENERAL DEL NOTARIADO Y DE LOS REGISTROS	MOSTRO GENERAL DE ACTOS DE ÚLTIMA VOLUNTAD Calle Real Pedro Barredo, 1 Teléfono: 91 520 10 00 ext. 414 Telefax: 91 520 10 014
Número identificador:	Origen: ST CIUDADANOS		Página 1 de 1
Esta certificación puede ser redactada y presentada cualquier día de cualquier momento y momento con datos con los existentes en el Registro, pudiendo no coincidir con la partida de defunción.			
Primer apellido del causante	Segundo apellido del causante	Nombre	
Fecha de nacimiento	Lugar de nacimiento	Provincia (o Estado)	
Tipo de documento	Nº de documento	Fecha de defunción	
D.N.I.			
Hijo de	Y de	Sexo	
		MULIER	
Estado civil	Apellidos y nombre del cónyuge		
CASADO/A			
Consulte aquí los antecedentes del Registro por el funcionario correspondiente, resultando que la persona arriba expresada OTORGÓ TESTAMENTO .			
200292014 ANTE: _____ EN: MIFANDA DE EBRO (BURGOS); (TESTAMENTO ABIERTO)			
Fin de la certificación.			
Documento verificado por el Ministerio de Justicia. Documento verificado por el Ministerio de Justicia. Es responsabilidad de quien emite este documento la verificación de su contenido en la sede electrónica del Ministerio de Justicia (https://sede.mjusticia.gob.es/) utilizando el código seguro de verificación (22 caracteres hexadecimales): ULLSLA-mNbn-ty3-yyER			

Exemplo de ab intestato

de

ACTA DE NOTORIEDAD DE DECLARACIÓN DE HEREDEROS ABINTESTATO DEL CAUSANTE

FALLECIDO EL DÍA _____ (CONCLUSIÓN)

NUMERO: DOS MIL DOSCIENTOS VEINTISIETE. -----

En VIGO, mi residencia, a DIECIOCHO de JULIO de dos_mil veintidós.-----

Yo, _____ Notario del Ilustre Colegio de Galicia, DOY FE:-----

I.- Que el día quince de junio de dos mil veintidós, bajo el número 1762 de mi protocolo, acepté el requerimiento instado por doña _____ para la iniciación del acta de notoriedad de declaración de herederos abintestato de _____ nacido en Vigo, provincia de Pontevedra, el día veintitrés de abril de mil novecientos ochenta, siendo hijo de don _____, con D.N.I. número _____, y fallecido en Vigo, el día _____, con su última residencia habitual _____, con su última residencia habitual _____.





Paso 3. Recibe os certificados

- Unha vez acreditada a túa condición de persoa herdeira e/ou beneficiaria, o teu xestor de testamentarías facilitarache os certificados de saldo para os contratos en que a persoa falecida era titular ou usufrutuaria. Con eles, poderás tramitar a aceptación da herdanza na notaría e liquidar o imposto de sucesións e doazóns (ISD).

Para que poidamos emitir os certificados, deberas asinar o contrato marco da testamentaría de CaixaBank. Unha vez asinada:

- **Emitiremos os certificados** de todos os produtos vixentes que tiña a persoa falecida, facendo constar o saldo na data de defunción. Ademais, se nolo solicitas, facilitarémosche, sen ningún custo, o extracto do ano anterior á defunción cos movementos das contas á vista que tiña a persoa falecida.
- As **persoas herdeiras** deberán **aceptar a herdanza e liquidar os impostos**. Iso tomando en consideración, se é o caso, a existencia de seguros de amortización de préstamos e pedindo orientación cando existan contratos de xestión de carteiras (podería darse o caso de operacións de investimento posteriores á defunción por non se proceder na súa data á comunicación da defunción).

Que pasa se a persoa falecida era titular de produtos de seguros e plans de pensións, EPSV e PPA?

Debes saber que:

- 1 Estes contratos poden conter unha designación de beneficiario realizada expresamente pola persoa falecida, en cuxo caso **as prestacións do contrato entregaranse a quen se designase**.
- 2 **Se a persoa falecida non designou beneficiario**, serán designados de acordo co que se establece na póliza do seguro ou regulamento do plan que corresponda.
- 3 No caso de que a persoa falecida sexa asegurada dun seguro, emitiremos un certificado a nome de cada beneficiario co importe que van recibir. De acordo con este, o beneficiario deberá tributar por este produto no imposto sobre sucesións e doazóns (ISD) ou o imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). É importante saber que, no caso de seguros de vida e aforro, o ISD pódese liquidar antes da aceptación da herdanza.
- 4 No caso de que só sexas persoa beneficiaria dun plan de pensións PPA e EPSV, non necesitas recibir os certificados de saldo nin pagar o ISD. Tamén poderás cobrar o plan antes da aceptación de herdanza. Ao exercicio seguinte do pagamento, recibirás o comunicado fiscal correspondente para realizar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).



Que ocorre se a persoa falecida tiña produtos de financiamento (préstamos e créditos)?

No caso de que fose titular de produtos de financiamento (préstamos e créditos), todas as persoas herdeiras asumirán a débeda de forma solidaria, é dicir, todas responderán da totalidade das débedas da persoa falecida.

Se se acordase entre as persoas herdeiras que só algunhas asumirán as débedas da persoa falecida, liberando o resto, CaixaBank analizará esta posibilidade e decidirá, de acordo con criterios de riscos, a liberación que se solicitou.

Se a persoa falecida era avalista dun préstamo, extínguese coa defunción?

Non, o aval non se extingue co falecemento, polo que quen herda adquire a mesma obriga que tiña a persoa defunta.


Que debes facer se te asignaron fondos de investimento ou valores tras a repartición da herdanza da persoa falecida?

Para axilizar o cambio de nome, debes ter asinado o documento de autorización de repartición de herdanza con CaixaBank para a administración dos fondos de investimento ou valores que Te foron adxudicados.



Paso 3. Documentación requerida

Exemplo de certificado

 Certificado de posiciones para expediente de defunción

CaixaBank, S.A., inscrita con el número [redacted] en el registro de Entidades Financieras del Banco de España, figurando inscrita en el Registro Mercantil de [redacted] tomo [redacted] folio 1, hoja número [redacted] inscripción 2ª, con número de identificación fiscal [redacted], y domiciliada en [redacted]

CERTIFICA:

Que según consta en nuestros registros, [redacted] con NIF número [redacted] que falleció en fecha [redacted] era titular del contrato de cuentas a la vista número IBAN [redacted] y:

- presentaba un saldo a fecha de defunción de [redacted]

Que en el contrato indicado constaban como otros titulares:

- [redacted]
- [redacted]
- [redacted]

Y para que conste, se expide la presente certificación a [redacted]

Paso 4. Acepta a herdanza e liquida os impostos



Segundo o tipo de produto ou servizo que vaias recibir, deberás seguir estas indicacións:

4.1 Acepta a herdanza

Só as persoas herdeiras dos saldos de **produtos bancarios** deben presentar a **escritura pública de aceptación da herdanza**.



Que é?

É o documento en que consta a aceptación da herdanza e a adxudicación dos bens que a conforman. Debe incluír todos os bens que imos repartir e detallar en que proporcións o debemos facer. O documento debe estar asinado por todas as persoas herdeiras.

Como se obtén?

Este trámite debe formalizarse mediante escritura pública acudindo ao notario. **Só teñen que asinalo as persoas herdeiras**, as persoas beneficiarias non necesitan realizar este trámite

Existe un circuío máis rápido e sinxelo para as testamentarías que se consideran simples e de baixo saldo. Unha vez iniciado o trámite, comunicaráseche se se pode aplicar no teu caso concreto.



Paso 4.1 Documentación requerida

Exemplo de escritura pública de aceptación de herdanza

PAPEL EXCLUSIVO PARA DOCUMENTOS NOTARIALES

COLEGIO DE NOTARIOS DE MADRID

Notario
MADRID

**ESCRITURA DE ACEPTACION Y PARTICION DE HERENCIA
POR FALLECIMIENTO DE DON** -----

NÚMERO -----

EN SAN MARTIN DE VALDEIGLESIAS, mi residencia, a
quinze de septiembre de dos mil veintidós. -----

Ante mí, -----, Notario del
Ilustre Colegio de Madrid. -----

----- **COMPARECEN** -----

-----, nacida el
día -----, jubilada, viuda, vecina de
Villa del Prado (Madrid), con domicilio en la calle
-----, número ----- y con Documento
Nacional de Identidad número -----

-----, mayor de
edad, contable, soltero, vecino de Villa del Prado
(Madrid), con domicilio en la calle -----
-----, y con Documento Nacional
de Identidad número -----





4.2 Liquidada os impostos

Tanto as persoas herdeiras dos saldos de **produtos bancarios** como as persoas beneficiarias de **seguros de aforro e seguros de vida risco** deben **pagar o imposto de sucesións e doazóns (ISD) e presentar o xustificante de pagamento a CaixaBank**.

Que é e como se paga?

É un imposto autonómico e a presentación debe facerse ante a oficina liquidadora correspondente de cada comunidade autónoma.

Hai que liquidar impostos ao recibir as prestacións de plans de pensións, EPSV e PPA?

Neste caso, as persoas beneficiarias non deben pagar o imposto de sucesións e doazóns (ISD), senón que liquidarán o IRPF na declaración da renda correspondente ao exercicio de cobramento da prestación.

Podo pagar o imposto de sucesións cos saldos da persoa falecida?

Si, podes solicitar o pagamento do imposto de sucesións contra os saldos da persoa falecida.



Paso 5. Resolución de expediente



En CaixaBank analizaremos toda a documentación que nos achegaches e emitirase un **informe xurídico de testamento** que establecerá a **repartición** dos saldos dos contratos de CaixaBank.

Entregarémosche unha copia para que a poidas compartir co resto de persoas herdeiras.

Os produtos de seguro de aforro, seguros de vida risco e plans de pensións, EPSV e PPA non están incluídos neste informe xurídico de testamento, xa que se procede directamente ao cobramento da prestación.



Paso 5. Documentación requerida

Exemplo de Informe xurídico testamentarías

CaixaBank Informe jurídico de Testamentarías

Este informe contiene la propuesta de reparto de las posiciones de la persona fallecida. Se ha elaborado a partir de la información aportada por los herederos durante la tramitación del expediente de defunción.

El documento se estructura en los siguientes apartados:

1. Datos de la persona fallecida
2. Datos del expediente
3. Sucesores y/o cotitulares
4. Propuesta de reparto - aspectos generales
5. Cuadro de Reparto de bienes
6. Documentación aportada
7. Próximos pasos y glosario de términos

CaixaBank, S.A. Carrer Pintor Sorolla, 2-4, 46002-València, NIF A08643619
Inscrita en el Registro Mercantil de València, tomo 10370, libro 1, hoja número V-178353, inscripción 2ª

Empreses 2021/09/09 13:38:34:00 Ejemplar para el cliente 1

EURO-202011-01-002-COPY




Paso 6. Repartición cobramento de prestación



Porémonos en contacto contigo para levar a cabo os trámites necesarios da repartición da masa hereditaria. É importante que, se es herdeiro e non cliente CaixaBank, te dirixas a unha oficina CaixaBank para ceder os teus datos de contacto e poder tramitar a repartición. Tamén o podes facer dándote de alta como cliente a través de www.caixabank.es.

En CaixaBank ofrecémosche a posibilidade de cobramento dos saldos nunha **conta corrente**:



Cientes de CaixaBank

Mediante un aboamento nunha conta aberta na entidade e titulada polos herdeiros ou beneficiarios.



No clientes de CaixaBank

Posibilidade de transferencia a outra entidade sen custo para tal fin.



Cientes e non clientes de CaixaBank

Mediante pagamento en efectivo (neste caso, na mesma data ou suxeito a prazo de dispoñibilidade de efectivo por parte da oficina).

Se tes que herdar **fondos de investimento ou valores** e, non dispós de expedientes ao teu nome, abriremos un para poder traspasar as posicións que herdadas.

Para o cobramento de prestacións de **seguros e plans de pensións, EPSV e PPA** serás informado/a de todas as opcións.

Glosario de termos

A

Achega: cantidade de diñeiro achegado pola persoa falecida nun plan de pensións EPSV.

Aval: contrato polo que unha persoa física ou xurídica garante ou asegura o cumprimento de obrigas, asumindo o pagamento da débeda doutra persoa se esta non o realiza.

C

Certificado de actos de última vontade: documento que emite o Ministerio de Xustiza en que constan os testamentos feitos por unha persoa, e é válido o último outorgado. Se a persoa falecida non tiña testamento, constará deste xeito no certificado.

D

Declaración de herdeiros ab intestato: a sucesión sen testamento realízase mediante a acta de declaración de herdeiros ab intestato, que é o documento notarial que acredita quen son os herdeiros no caso de que o falecido non outorgase testamento. Para iso:

1. Deberás solicitarlo ao notario que corresponda segundo a residencia habitual onde residía o falecido.
2. Transcorridos 20 días desde esa solicitude, o notario emitirá a acta final de declaración de herdeiros, que é o documento que deberás entregar finalmente a CaixaBank.

E

EPSV: entidades de previsión social voluntaria. Os plans de previsión son un produto de aforro destinado a persoas con residencia fiscal no País Vasco.

Escritura pública de aceptación de herdanza: documento en que consta a aceptación da herdanza por parte de todos os herdeiros e a adxudicación dos bens que

a conforman. Debe incluír todos os bens que hai que repartir, e detallar en que proporcións se debe facer.

I

Informe xurídico de testataría CXB: informe emitido por un letrado experto de CaixaBank que resume a repartición dos produtos que tiña a persoa falecida.

IRPF: imposto sobre a renda das persoas físicas.

ISD: imposto de sucesións e doazóns.

P

Propiedade núa e usufruto: en CaixaBank, o propietario sen usufruto é o titular dos produtos e o usufrutuario é quen ten dereito a recibir os rendementos ou xuros deses produtos.

Persoa beneficiaria: as persoas beneficiarias veñen determinadas pola designación expresa que realizou a persoa falecida ou, a falta desta, polo que se dispón na póliza ou regulamento do plan. Teñen dereito a recibir as prestacións polos seguros de vida risco, seguros de aforro e plans de pensións, EPSV e PPA. As persoas beneficiarias poden ser as mesmas ou non que as persoas herdeiras.

Persoas herdeiras: as persoas herdeiras (en sentido amplo comprendendo herdeiros, lexitimarios, legatarios etc.) désígnanse no último testamento que outorgou a persoa falecida ou, no caso de non outorgar testamento, na declaración de herdeiros ab intestato. Teñen dereito a recibir os saldos dos produtos bancarios.

Póliza: documento que contén as condicións do seguro e, se é o caso, os suplementos que modifican ou complementan esas condicións.

PPA: seguro individual de aforro e previsión con coberturas e prestacións, límites de achegas e tratamento fiscal análogos ás dos plans de pensións individuais.

Prestación dun seguro: cantidade de diñeiro que se aboará ao beneficiario no caso de que se produza o falecemento do asegurado cuberto polo seguro.

Prestación dun plan de pensións: cantidade de diñeiro que se aboará ao beneficiario no caso de que se produza o falecemento do titular do plan de pensións.

Prima: prezo do seguro.

Produtos e servizos CaixaBank: inclúe os produtos e servizos bancarios, produtos e servizos de investimento (valores, fondos de investimento...) e produtos de seguros e plans de pensións.

S

Saldo: cantidade positiva ou negativa que resulta dunha conta.

Seguro de vida-risco: é unha solución de protección pensada para asegurar un importe económico aos beneficiarios, no caso de falecemento da persoa asegurada e segundo o que se establece na póliza.

T

Testamento: un testamento é o acto xurídico polo que unha persoa estipula quen serán as persoas que poderán dispor de todos os seus bens no momento do seu falecemento.



